

EXPEDIENTE DECRETO: 2026/G003/000291

EXPEDIENTE: 2026/E001/000007

Asunto: **Brigada de Incendios 2026**

DECRETO DE ALCALDÍA

Apertura extraordinaria para novos aspirantes á bolsa do proceso selectivo de persoal laboral temporal da brigadas de incendios 2026

Don Manuel Ángel Leis Míguez, Alcalde do Concello de Negreira, na provincia da Coruña;

Por decreto de Alcaldía nº 206/2026 de data 14 de maio de 2026 apróbbase a ampliación da bolsa do proceso selectivo de 5 prazas de persoal laboral temporal da brigadas de incendios do ano 2025-2026 (3 peóns de brigadas, 1 peón condutor e 1 Xefe de brigada) aprobada por decreto de alcaldía n.º 249/2025 de data 18 de xullo de 2025 para suplentes e vacantes en previsión a posibles baixas.

Esta Brigada de Incendios ten unha duración de 3 meses, e está regulada polo Convenio asinado en xullo do 2025 entre o Concello de Negreira e a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, para a defensa contra incendios forestais mediante a actuación dunha brigada de prevención e defensa contra os incendios forestais no ano 2026.

Tras aperturar este novo prazo e citar aos participantes para a realización do primeiro exercicio, proba do banco (proba eliminatoria), ea non concorrencia de moitos deles, desencadena en que a brigada resulte insuficiente para todas as categorías incluída a de Xefe de brigada, co que se volve a abrir un prazo para cubrir esta vacante, resultando deserto.

Tendo en conta a importancia de contar cunha brigada de incendios municipal para garantir a rápida intervención ante un incendio, e a proximidade ante emerxencias podendo desta maneira salvagardar vidas, bens materiais e a contorna ambiental do Concello, e tamén tendo en conta as baixas imprevistas na última semana procedese a abrir por derradeira vez o prazo a todas as categorías profesionais da brigada. (xefe de brigada, peón condutor forestal e peón forestal).

En cumprimento das facultades que me outorga o artigo 21 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e demais disposicións concordantes e de aplicación,



CONCELLO DE
NEGREIRA

Rúa do Carmen, 3
15830 Negreira
A Coruña
Tfno.: 981 885 250 Fax: 981 885 328
www.concellodenegreira.gal

RESOLVO:

Primeiro.- Reabrir extraordinariamente o prazo para a incorporación de novos aspirantes á bolsa do proceso selectivo de persoal laboral temporal da brigadas de incendios do ano 2026. Para Todas as categorías profesionais; xefe de brigada, peóns forestais e peón condutor forestal.

Segundo.- Establecer 7 días naturais, contados dende a publicación deste decreto no taboeiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Negreira, ata o **mércres 8 de xullo de 2026**, ás 14:00.

Terceiro.- Dar conta deste decreto ó Pleno da Corporación na próxima sesión ordinaria que celebre

Negreira, na data das sinaturas electrónicas.

O alcalde
D. Manuel Ángel Leis Míguez

Ante mín,
A Secretaria accidental
D^a Patricia Barreiro Casal

DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE